

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i> XOB12I2F0	<i>Expediente</i> XOB/504/2017	<i>Fecha</i> 31-05-18 10:27

EXPEDIENTE: **DEFINICIÓN, DISEÑO, SUMINISTRO E INSTALACION DE SINALIZACIÓN INFORMATIVA VERTICAL TIPO AIMPE NOS VIAIS MUNICIPAIS DO ÁMBITO RURAL DO TERMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (2017) (XOB/504/2017)**

ASUNTO: **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN**

TIPO DE CONTRATO: **SUMINISTRO**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfaceras, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

- Centro Xestor propoñente: CX-35
- Persoa responsable do seguimento: Miguel Fernández Solís

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é definición e deseño participativo e posterior subministro e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais de titularidade ou xestión municipal, así como en aqueles que durante a vixencia do contrato puideran ser asumidos, no ámbito do medio rural do termo municipal de Santiago de Compostela

3. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Establecese un procedemento de licitación ABERTO.

4. DIVISIÓN POR LOTES

- SI:
- NON:

Proponse un contrato único sen lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Por outra banda, a división en lotes, ou a execución do servizo plantexado por unha pluralidade de contratistas diferentes do obxecto do contrato, implicaría a necesidade de ter que coordinar a execución das diferentes prestacións con diferentes contratistas, o cal, implicaría poñer en risco a finalidade do subministro e instalación de sinalización informativa vertical que se pretende contratar.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

Nas propostas de investimentos do programa DECIDE, Orzamentos participativos do 2017, aprobose para o rural a solicitude de sinalización das distintas aldeas que compoñen cada unha das parroquias do rural.

As necesidades a cubrir, obxecto deste contrato é o subministro e instalación de sinalización Informativa vertical tipo AIMPE nos viais de titularidade ou xestión municipal das distintas aldeas que compoñen cada unha das parroquias do rural.

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i> XOB1212F0	<i>Expediente</i> XOB/504/2017	<i>Fecha</i> 31-05-18 10:27

Ante a insuficiencia de medios persoais e/ou materiais propios, o Servizo de Proxectos e Obras non dispón de capacidade para realizar as tarefas de descritas no Prego de Prescricións técnicas particulares para o subministro deste tipo de equipos polo que se propón contratación do servizo por medio de empresas privadas. (art. 116.4 f)).

6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA/CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

Non se esixe.

7. NOMENCLATURA (CPV)

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares.

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 49.675,21 € (IVA non incluído).

9. PARTIDA ORZAMENTARIA

A aplicación orzamentaria da operación é: 100-45400-62300

Proxecto: 2016 2 SINAL 60

Existencia de cofinanciación:

- SI:
- NON:

10. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo base: 49.675,21 €
- 21% IVE 10.431,79 €
- Total 60.107,00 €

O resultado final do procedemento de licitación será un porcentaxe de baixa a aplicar de forma xeral a todos os prezos unitarios do Cadro de prezos do PPTP. O orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade, é dicir, a baixa de adjudicación queda a disposición do contrato para realizar una maior cantidade de medicións de subministro e instalación de sinalización Informativa vertical.

11. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

- Prazo máximo de execución de fase I (definición e deseño): dous meses (2)
- Prazo máximo de execución de fase II (subministro e instalación): tres meses (3)

12. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

Aboamento mensual, a partir das certificacións correspondentes.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana



Concelleiro Delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i> XOB12I2KM	<i>Expediente</i> XOB/504/2017	<i>Fecha</i> 08-06-18 12:27

EXPEDIENTE: **DEFINICIÓN, DISEÑO, SUMINISTRO E INSTALACION DE SINALIZACIÓN INFORMATIVA VERTICAL TIPO AIMPE NOS VIAIS MUNICIPAIS DO ÁMBITO RURAL DO TERMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

ASUNTO: **Informe xustificando a tramitación como subministro**

TIPO DE CONTRATO: **SUBMINISTRO**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO**

Nas propostas de investimentos do programa DECIDE, Orzamentos participativos do 2017, aprobouse para o rural a solicitude de sinalización das distintas aldeas que compoñen cada unha das parroquias do rural. Polo tanto, as necesidades a cubrir, obxecto deste contrato é o subministro e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais de titularidade ou xestión municipal das distintas aldeas que compoñen cada unha das parroquias do rural.

Con este obxectivo o contrato plantexase en dúas fases:

- 1- A definición e deseño participativo da posterior instalación informativa.
- 2- O subministro e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE definida anteriormente.

O valor total estimado do contrato para estas actuacións é de 49.675,21 € (IVA non incluído).

A tal efecto, dado que a estimación de honorarios relativa á fase correspondente ao deseño da instalación informativa, seguindo o "Baremo para a Determinación de Honorarios do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia" (aínda que estes están liberalizados) considerase entorno ao 10% do importe da contía relativa ao subministro e instalación de sinalización informativa propónse a tramitación do procedemento de contratación como subministro.

Santiago de Compostela, 08 de xuño de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana



Concelleiro Deigado de de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal

